



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**EXPEDIENTE 2024/C003/000020. "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2023). ", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2023).**

**José López González, secretario-interventor do Concello de Touro do que é alcalde Roberto Castro Rocamonde**

### CERTIFICA

**Que o xoves día 26 de setembro de 2024, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria, cos quórum de participación e votación legalmente esixidos, adoptou o acordo que di:**

**"10 EXPEDIENTE 2024/C003/000020. "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2023). ", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2023). Aprobación expediente de contratación.**

### ANTECEDENTES

EXPEDIENTE 2023/A008/000056. Solicitud de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2024.

EXPEDIENTE 2024/A008/000014. Solicitud de inclusión da obra "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros" con cargo ao Plan POS+ 2024 (achega provincial 2023). Acordo plenario de data 8 de febreiro de 2024.

Resumo do orzamento do contrato para os efectos de fiscalización:

<b>Expediente:</b>	<b>Importe</b>
Orzamento de execución material	28.079,00 €
Gastos xerais (13%)	3.650,27 €
Beneficio industrial (6%)	1.684,74 €
Orzamento base de licitación (sen IVE):	33.414,01 €
IVE (21%)	7.016,94 €
Orzamento base de licitación (con IVE)	40.430,95 €
Valor estimado do contrato:	33.414,01 €

EXPEDIENTE 2024/C0003/000020. "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros" (Achega provincial 2023), no que se inclúe:

- Informe Concelleiro delegado de obras sobre a necesidade da contratación da obra.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación
- Proxecto de obra
- Fiscalización do expediente pola Secretaría-intervención

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

**PRIMEIRA.** Este contrato ten a consideración de contrato administrativo de obras consonte ao disposto no artigo 13 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP, en adiante).



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**SEGUNDA.** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares ao que se incorporan as determinacións técnicas esixidas pola lexislación especial reguladora da actividade obxecto do contrato.

**TERCEIRA.** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

**CUARTA.** A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, atribúe ao alcalde as competencias como órgano de contratación en aqueles contratos nos que o valor estimado non superen o 10% dos recursos ordinarios do concello do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

O órgano competente para aprobar o expediente é a Alcaldía xa que o importe do orzamento do contrato (importe sen prórrogas e máis IVE, como partida independente) non excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP, en relación co artigo 131 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas – RXLCAP, en adiante –, en relación co artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais).

Esta competencia da Alcaldía está delegada na Xunta de Goberno Local (Acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local).

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C0003/000020, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, da obra "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2023), cun orzamento base de licitación de 40.430,95 euros (21% de IVE incluído).

**SEGUNDO.** Aplicar os pregos tipo da Excmá Diputación Provincial, en concreto, o prego de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, coas singularidades indicadas nos anexos destacando cuadro de características do contrato e en criterios de adxudicación para esta contratación utilizando como prego de prescricións técnicas (PPT) o proxecto da obra aprobado polo pleno o 8 de febreiro de 2024.

**TERCEIRO.** Autorizar o gasto polo importe de corenta mil catrocentos trinta euros con noventa e cinco céntimos (40.430,95 €), con cargo á aplicación orzamentaria 160.639 do vixente orzamento municipal.

**CUARTO.** Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación aloxado na



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

plataforma de contratación do Estado, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para que no prazo de 26 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) publicando no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

Ao abeiro do acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asisten á sesión, sendo este o seu número legal de membros, **ACORDA**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C0003/000020, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, da obra "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2023), cun orzamento base de licitación de 40.430,95 euros (21% de IVE incluído).

**SEGUNDO.** Aplicar os pregos tipo da Excmá Diputación Provincial, en concreto, o prego de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, coas singularidades indicadas nos anexos destacando cuadro de características do contrato e en criterios de adxudicación para esta contratación utilizando como prego de prescricións técnicas (PPT) o proxecto da obra aprobado polo pleno o 8 de febreiro de 2024.

**TERCEIRO.** Autorizar o gasto polo importe de corenta mil catrocentos trinta euros con noventa e cinco céntimos (40.430,95 €), con cargo á aplicación orzamentaria 160.639 do vixente orzamento municipal.

**CUARTO.** Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación aloxado na plataforma de contratación do Estado, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para que no prazo de 26 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) publicando no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación."

**E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria e coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, libro este certificado de orde do alcalde por delegación.**

Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Visto e praxe: Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196